

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE FEBREIRO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e seis de febreiro de 2025, baixo a presidencia do segundo tenente de alcaldesa, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Mauricio Victorio Repetto Morbán, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para construír unha vivenda unifamiliar na rúa das Campas, 12 (exp. 2024/Y001/000024) e para instalación de ascensor e rehabilitación de plantas altas de edificación existente na rúa Músico Falla, 21 (exp. 2024/Y001/000114).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación dun servizo de limpeza e desinfección certificada dos equipos de protección individual (epis) das persoas traballadoras do recinto do Cemiterio de San Froilán e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025-C003-000005.

Acórdase a primeira prórroga dende o 18.04.2025 ata o 17.04.2026 no contrato para o servizo de colaboración co Concello de Lugo para a asistencia xurídica e representación e defensa en xuízo, exp. ref. 2024/C003/000001.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación da cesión do dereito de uso da licenza para uso da aplicación informática "Portalemp", exp. ref. 2025/C004/000002.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Ref: 25extractoxg09

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-2-2026

simplificado na contratación da subministración de produtos químicos do mantemento da auga das piscinas municipais do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025-C004-000011.

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación do programa de hortos educativos nos centros públicos de educación infantil e primaria e nas escolas infantís municipais do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025-C003-000007.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto na contratación da organización e desenvolvemento do evento cultural “Europa somos todos/as” co gallo da celebración do día de Europa (9 de maio de 2025) e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025-C003-000006.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación da subministración de pan fresco do día e outros produtos de panadería (empanadas) para as instalacións municipais Fogar do Transeúnte (albergue municipal) e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025-C004-000012.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

3. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase a aprobación do informe proposta para a aprobación do plan de actuación integrado -pai- denominado novo norte para concorrer á convocatoria para a asignación de senda financeira Feder a pais de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao Feder no período de programación 2021- 2027. Código proxecto: 25PAI0000001.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Dinamización Económica e Relacións Institucionais e concelleiro secretario en funcións, da Xunta de Goberno Local, don Mauricio Victorio Repetto Morbán.